




SEGURIDADE ALIMENTARIA TRAZABILIADA

TEMA 2: ALIMENTACIÓN (PARTE 4)



A PRODUCCIÓN ANIMAL APÓIASE EN 4 PILARES FUNDAMENTAIS

- **XENÉTICA:** elección da raza e a mellora constante da mesma.
- **ALIMENTACIÓN:** Suministrar alimentos ós animais para que o seu desenvolvemento sexa o máis axeitado. Cunha alimentación adecuada garantimos unha boa reprodución e melloramos o estado sanitario.
- **MANEXO:** Entendendo como manexo todo o sistema de cría do gando. Abarca as instalacións, o trato cos animais, a forma de subministrarlles os alimentos,...
- **SANIDADE:** debemos de ter o gando en bo estado sanitario para obter un gran Rendemento (cárnico, leiteiro, lanar,...).

EN TODA PRODUCCIÓN ANIMAL DEBEMOS TER PRESENTE

► A SEGURIDADE ALIMENTARIA


- Consiste no acceso seguro e permanente dos fogares a alimentos suficientes en cantidade e calidade.
- O concepto abarca os dous componentes:
 - Cando falamos da dispoñibilidade de alimentos suficientes en cantidade tamén debemos pensar en que estes alimentos deben ser a prezos razoables, é dicir, que sexan accesibles para o consumidor.
 - Por outra banda, estes alimentos deben estar libres de substancias nocivas para a saúde. Os produtos finais producidos polos agricultores/gandeiros deben cumprir unha normativa de calidade.

► A TRAZABILIDADE

- Significa que debemos ter identificado e rexistrado dende o seu orixe ate o seu destino final. Ex.: cando compramos un filete de tenreira galega sabemos en que granxa se produciu, con que se alimentou ese animal, nome do criador, matadoiro onde se sacrificou o animal, peso do animal...., é dicir, temos toda a información sobre ese animal “da granxa á mesa”.


► A SUSTENTABILIDADE

- A produción de calquera tipo de animal debe ser economicamente rendible e debe respectar a integridade do medio ambiente, pensando nas xeracións futuras. As axudas que reciben os agricultores e gandeiros de moitos sectores están condicionadas a que cumpran unha serie de requisitos medioambientais.



SEGURIDADE ALIMENTARIA

- A crisis das vacas tolas (encefalopatía esponxiforme), as intoxicacións por dioxinas, salmonelas... fixeron aumentar a preocupación pola seguridade dos alimentos.
- E no 2000 a Unión Europea crea o “Libro branco da Seguridade Alimentaria” para velar por conseguir os máis elevados niveis de seguridade alimentaria en toda a cadea alimentaria, dende a granxa ó consumidor e en todos os sectores da alimentación.
 - Son 80 normas ou acción que se revisan e adaptan continuamente, para actualizalas e completalas.



TRAZABILIDADE

- É a capacidade de poder seguir os pasos dun alimento en todas as etapas da cadea alimentaria, avalado por un complexo sistema de identificación e control:
 - Producción
 - Transformación
 - Distribución
- No caso da alimentación animal, pódese saber de onde procede a semente do cultivo da materia prima que está na nosa ración (donde se cultivou, os produtos que se empregaron no seu cultivo, cómo, dónde e quen o transportou, transformou, envasou, almacenou e se alimentou con eles a qué animais.

A TRAZABILIDADE É UNHA FERRAMENTA DO GANDEIRO




A FINALIDADE DA TRAZABILIDADE

- Contribuir á retirada rápida e efectiva de calquer produto non seguro (ou sospeitoso de non selo) en calquer eslabón da cadea alimentaria (producción, transformación e distribución).
- Os gandeiros e gandeiras deben ter implantados un conxunto de medidas que permitan asegurar a trazabilidade:
 - Descendente: os medio empregados na producción (inputs) e dos seus provedores.
 - Ascendete: os productos que, elaborados, distribúe e comercializa (outputs) e dos seus clientes.

TRAZABILIDADE DESCENDENTE

- Os rexistros que fan falla para a trazabilidade descendente son:
 - Animais: Libro Rexistro da Explotación e os certificados de movementos
 - Data de entrada, número, raza, nº de identificación individual
 - Vehículo de transporte, conductor
 - Medicacións: coas recetas veterinarias con
 - Data de prescripción
 - Zoosanitario, dosis, forma de aplicación, período de espera, nº colexiado do veterinario...
 - Piensos: mediante albaráns e facturas con
 - Data de entrada
 - Vehículo de transporte, conductor,
 - Tipo de pienso e etiqueta con: componentes analíticos, composición e aditivos.
 - Veterinario responsable
 - Visitas: a través do libro de visitas da explotación onde conste:
 - Data da visita
 - Matrícula do vehículo,
 - Motivo da visita e nome da persoa



TRAZABILIDADE ASCENDENTE

- Os rexistros que fan falla para a trazabilidade ascendente:
 - Produtos vendidos: mediante albarans e certificados de movementos
 - Cadáveres: co documento de transporte da empresa responsable.
 - Residuos medicamentosos: cos documentos de entrega destes.
 - Animais vendidos: co documento de identificación de cada animal e a Baixa correspondente no libro de explotación.
 - Fertilizantes: esterco e xurros
 - Con documentos de venda se é o caso
 - Caderno de explotación (fertilizantes, onde se apunta en que parcelas se vota, data, cantidade..)

PENSOS COMPOSTOS

Un pienso composto é unha mestura de materias primas previamente deseñada e cunhas características nutricionais determinadas, destinado a satisfacer as necesidades nutritivas do gando.

- Pode elaborarse na propia explotación ou nunha industria adicada á elaboración e comercialización de piensos.
- Para obter un produto máis homoxéneo, e para asegurarnos de que en cada bocado o animal consume o mesmo produto, realízase unha molienda previa, seguida dunha mestura das materias primas nunha mesturadora preparada para tal efecto.
- No mercado podemos encontrar dous tipos de presentacións:
 - Pienso en fariña: a farina pode ser máis o menos groseira en función da especie de destino.
 - Pienso en gránulo o "pellet": Tras moer finamente as materias primas, estas son acondicionadas mediante a adición de vapor ata conseguir unha determinada humidade. A continuación, a mestura sométese a un proceso de compresión para finalmente obter un gránulo, como o do pienso que toma Paca.

TIPOS DE PENSOS E DE RACIONES

- O valor nutritivo dun pienso depende da fórmula empregada para a súa elaboración, que varía en función do tipo de animal e de seu estado fisiolóxico.
- Os pensos diseñados para monogástricos (porcino) e aves van constituir a súa ración completa, é dicir, o animal vai cubrir todas as súas necesidades inxerindo únicamente esta mestura homoxénea de alimentos concentrados.
- No caso dos herbívoros, os pensos elaborados a base de concentrados empréganse como complemento da ración de forraxe. Os herbívoros en xeral, e os ruminantes en particular necesitan consumir una cantidad mínima de forraxe para un bo funcionamento de seu aparato dixestivo. A súa ración diaria vai estar composta por forraxe e penso.

Cuadro II. Niveles (%) de Forraje/Concentrado en raciones de vacuno de leche.				
Nivel	Inicio lactación	P. alta	P. media	P. baja
Mínimo	40/60	35/65	40/60	50/50
Deseable	40/60	50/50	50/50	-
Máximo	40/60	60/40	60/40	65/70
Media	30/70	30/70	30/70	40/60



- O forraxe e o pienso podense suministrar de maneira independente ou pódense mesturar para formar un único alimento. A mestura homoxénea de forraxe e penso denomínase mestura "unifeed" e elaborase en carros mesturadores ou carros unifeed.

